



Oroso investirá 941.000 euros en obras, co Plan Único da Deputación e fondos propios

O Concello de Oroso destinará a obras en beneficio dos seus veciños e veciñas todo o Plan Único da Deputación da Coruña, que ascende a 743.404 euros máis os 154.512 euros do Plan Complementario. Ademais, o Concello achegará outros 81.000 euros de fondos propios, de xeito que a partida para obras sumará 941.064 euros. O alcalde, Manuel Mirás, salienta que "un ano máis, e como vén sendo habitual, destinamos integramente os plans provinciais a investimentos en beneficio dos nosos veciños e veciñas, sen ningunha reserva



Estrada Mixoi-Castiñeiro Redondo (Calvente)



Estrada en Piñeiro (Trasmonte)



Estrada Valverde-Berdomás (Villarromarís)

económica para gasto corrente".

Unha das achegas máis importantes, en canto a cartos, destinarase á mellora da rede viaria municipal. O Concello investirá 328.659 euros nun proxec-

to de mellora da rede viaria nos lugares de Piñeiro e a Costa – Zan (Trasmonte), Valverde-Berdomás (Villarromarís), Piñeirón-Porto Avieira, Piñeirón-A Falmeiga, Rúa Celso Emilio Ferreiro e A Igrexa-Porto Avieira (A Gándara) e

Mixoi-Castiñeiro Redondo (Calvente). Así mesmo, o Concello de Oroso destinará os 164.512 euros do Plan Complementario da Deputación á mellora da rede viaria nos lugares de Oroso de Abaixo (A Gándara) e A Igrexa (Deixebre).



Reurbanización da rúa Tras da Torre: 169.481 euros nunha nova rede de recollida de augas pluviais e residuais, así como a canalización soterrada das instalacións de alumeadado público e telefonía e a renovación da pavimentación.



Reurbanización do Camiño do Reflexio: 125.768 euros. Adecentarase a calzada, faranse beirarrúas de aglomerado asfáltico, instalaranse redes de saneamento de pluviais e de alumeadado e soterrarase o tendido eléctrico e telefónico.



Reurbanización da rúa do Barreiro: 70.299 euros. Construción de 105 metros de beirarrúas, na marxe dereita, e outros 50 na esquerda. Ademais, ampliarase a zona de rodadura da calzada e procederase ao seu adecentamento.



Paso cuberto no CEIP de Sigüeiro: 82.343 euros. Cubrición mediante lousa de formigón armado de 265,89 m² de superficie, piares metálicos e base de formigón armado. Conta cun prazo de execución de tres meses.





Showcooking da Festa da Troita en Xantar

Oroso promociona a Festa da Troita no Fórum Gastronómico tras o éxito logrado en Xantar

MARZO
12

Despois de participar na Feira Internacional de Turismo (Fitur), o Concello de Oroso promoveu a Festa da Troita no XVIII Salón Internacional de Turismo Gastronómico Xantar, que reuniu en Ourense a 232 expositores procedentes de once países e recibiu máis de 24.000 visitas. A promoción continuará este mes de marzo coa presentación da Festa da Troita no Fórum Gastronómico da Coruña, un evento eno-

gastronómico bienal que terá lugar do 12 ao 14 de marzo en ExpoCoruña. A concelleira de Turismo, Vanesa Boo, explica que "o noso obxectivo é seguir promovendo Oroso e, sobre todo, a Festa da Troita nos máis importantes foros do turismo e da gastronomía".

MARZO
26

O II Memorial Fernando Abad terá lugar o domingo 26

O Club Ciclista Tambre Bike traballa na organización da segunda edición do Memorial Fernando Abad, que terá lugar o domingo 26 de marzo e que contará coa colaboración do Concello de Oroso. Dende o club trasladan que haberá varias novidades. Por unha banda, a proba ciclista en estrada terá un percorrido de 78 kms con saída e chegada en Sigüeiro. As inscricións pódense realizar hora e media antes da saída, prevista para as 11:00 horas. Este ano poderán participar tamén os corredores da categoría Junior que o desexen. Haberá un percorrido común de 25 kms e despois varias voltas a un circuíto circular.

Ademais, dende o Club Ciclista Tambre Bike traballan xa noutros eventos como unha nova edición da Ruta da Troita ou o primeiro trofeo Concello de Oroso de XC Rallye puntuable para o campionato galego de BTT. Seguiremos informando.

Porto Avieira acolle o torneo Concello de Oroso Leones bbc

MARZO
5

O Campo de Béisbol de Porto Avieira acollerá este domingo 5 de marzo o I Torneo Concello de Oroso Leones bbc, no que participarán dous clubs da primeira nacional, Druída (Coruña) e Trasno (Vigo), ademais dos locais Leones bbc de Oroso. O triangular comezará co partido Leones-Druída (10:30 h), Druída-Trasno (13:00 h) e Trasno-Leones (14:30 h). En caso de mal tempo, atrasaríase ao domingo 12 de marzo.

Obradoiro e teatro a prol da lingua para o alumnado do CRA

MARZO
24

O centro cultural de Sigüeiro acollerá na mañá do venres 24 de marzo unha actividade de Dinamización Social do Galego, promovida pola Deputación da Coruña. Unha actividade dirixida ao alumnado do CRA e que inclúe unha representación teatral e despois un obradoiro a cargo de Duende Sico.

CURSO DEFENSA PERSOAL PARA MULLERES

Datas: 8, 15, 22 e 29 de marzo.
Lugar: Centro Deportivo Juanito Amigo.
Horario: 10:00-11:30h.
Prezo: carácter gratuito.
Inscricións: Servizo Emprego Oroso.
Prza Isaac Diaz Pardo, 1. No Concello.

Organiza: **OROSO** Colabora: **KEYSI**

II MEMORIAL FERNANDO ABAD

26 MARZO

11:00 h

SAÍDA E CHEGADA EN SIGÜEIRO. SAÍDA EN PLAZA DA CULTURA DE SIGÜEIRO.

CATEGORÍA:
- JUNIOR
- MASTER
30, 40, 50-60

ORGANIZA: Club Ciclista Tambre Bike **OROSO**

HOMENAXE A AS MULLERES

Este ano o Concello de Oroso, con motivo da conmemoración do
Día Internacional da Muller:
Organiza unha exposición, con fotos antigas das mulleres que lavan toda unha vida traballando.

Queres colaborar? Entrega as tuas fotos
Onde? No Centro Cultural Fernando Casas e Novoa.
Cando? Antes do día 24 de febreiro de 2017.
En que horario? De 9:30 a 13:30 e de 16:30 a 21:00 h.

OROSO



Oroso conmemora o Día da Muller con actos para os escolares e a inauguración de dúas exposicións



O Concello de Oroso ten previsto conmemorar o Día Internacional da Muller por partida cuádruple. Por unha banda, o Concello segue apostando pola educación como o mellor medio para conseguir unha igualdade efectiva e real entre homes e mulleres. Por iso, na mañá do 8 de marzo o alumnado de Infantil asistirá a sendas representacións teatrais de "Tita", un espectáculo con monicreques sobre a intelixencia emocional que se representará no centro cultural de Sigüeiro. A maiores, o alumnado da ESO participará nun obradoiro, denominado "Violencia no namoro", que se impartirá no IES Oroso. Esta mesma mañá, o polideportivo Juanito Amigo acollerá a primeira das catro sesións do "Curso de defensa persoal para mulleres", unha iniciativa gratuíta impartida por Keysi by Justo Diéguez, que tamén fará unha sesión especial para as alumnas do instituto orosán. Pola tarde, a partir das 19:30 horas, a concelleira da Muller, María del Carmen Liste, presidirá a entrega de premios do VII Concurso de Fotografía "Muller Traballadora" e a inauguración da exposición coas imaxes do certame e da mostra "Homenaxe ás mulleres", que recollerá imaxes antigas de mulleres traballadoras de Oroso ás que rememorarán os seus propios familiares. Un acto que terá lugar no centro cultural de Sigüeiro e que contará coa actuación de alumnos e alumnas da Escola de Música de Oroso.



Retomadas as obras da ponte sobre a N-550

Fomento reanuda as obras da saída sur da AP-9, que levaban 14 meses paradas



O Ministerio de Fomento vén de retomar as obras de construción da saída sur da AP-9 en Sigüeiro, iniciadas a principios de 2015 e paralizadas dende outubro de 2015. Unhas obras que, segundo recoñece o Ministerio, están executadas ao 86%, se ben non deron unha data de finalización das mesmas máis aló de "o ano 2017". O alcalde, Manuel Mirás, celebra que "as xestións que realizamos en decembro e xaneiro con técnicos e responsables políticos finalmente desen o seu froito, xa que era unha situación que nos preocupaba a todos porque levabamos demasiado tempo coas obras paradas, coas molestias que tiñan que sufrir tanto os veciños da zona como os vehículos que circulan cada día pola N-550". "Non quero dar unha data final porque tampouco a sei", explica Mirás, "pero se agora sabemos que só falta por executar o 14% da obra e vendo o ritmo dos traballos nos últimos días, espero que, se non se volve a parar, a obra estea finalizada no prazo dun mes".

neiro con técnicos e responsables políticos finalmente desen o seu froito, xa que era unha situación que nos preocupaba a todos porque levabamos demasiado tempo coas obras paradas, coas molestias que tiñan que sufrir tanto os veciños da zona como os vehículos que circulan cada día pola N-550". "Non quero dar unha data final porque tampouco a sei", explica Mirás, "pero se agora sabemos que só falta por executar o 14% da obra e vendo o ritmo dos traballos nos últimos días, espero que, se non se volve a parar, a obra estea finalizada no prazo dun mes".



O Concello axudou á veciñanza fronte a Fenosa polos cortes de subministro

Os temporais de principios de febreiro causaron múltiples danos e incidencias no municipio con cortes de estradas, árbores e tendido eléctrico caídos, así como cortes do subministro eléctrico que nalgunhas localidades duraron varias xornadas. Por iso o Concello, a través do servizo Emprega Oroso, ofreceuse a asesorar aos veciños e veciñas e tramitar as súas reclamacións ante Unión Fenosa polos danos producidos polos cortes de subministro. Ademais, o concelleiro de Seguridade Viaria, Antonio Leira, confirma que "esiximos a Fenosa que os veciños e veciñas da Estación de Vilacide volvan a formar parte da zona de influencia de Sigüeiro, para así evitar os continuos cortes e baixadas de luz que sofren e que non é de recibo nestes tempos". Finalmente, dende o Concello queremos reiterar a nosa felicitación aos integrantes de Protección Civil polo seu gran traballo nesas datas.



Presentación no CEIP do Camiño Inglés

FOI NOTICIA...



Un Entroido con actos para todos os gustos e idades



"O mundo exipcio" (Oroso), mellor comparsa



"Brexit" (Ordes), finalistas comparsa



"Belly dance", premio especial de Oroso



"A mi plin...", mellor comparsa infantil



"Os trolls", finalistas comparsa infantil



Festa de animación cos nenos e nenas



Obradoiros gratuítos: o centro cultural de Sigüeiro acolleu talleres de máscaras de entroido (20 anotados) e cup-cakes (60)



Concerto de combos da escola de música: Los ángeles de Pablo (Tomás, Iago, Jesi, Carmen e Iria) e as solistas Fátima e Inma



Concurso de Máscaras: Francisco Javier Martínez (gañador), Pilar Muradas (finalista) e Trastes Oroso (premio especial)



Concurso de Receitas: Francisco Javier Martínez (gañador), Pilar Muradas (finalista) e Trastes Oroso (premio especial)